




MATERIAL COMPLEMENTARIO

Zonas do planeta máis afectadas polo cambio climático



Source: Verisk Maplecroft

© Verisk Maplecroft 2022

Preto da metade da poboación mundial vive agora en contextos considerados “altamente vulnerables” ao cambio climático, xa sexa pola súa localización xeográfica ou pola súa mala situación socioeconómica e por iso son máis afectados polos fenómenos meteorolóxicos extremos.



LUGARES MÁIS AFECTADOS:

- **As poboacións situadas en zonas semi-áridas** como a que comprende o Sahara/Sáhel, Medio Oriente, e Asia Central. (Níxer, Sudán, Etiopía, Somalia, Iemen, Irán, ata a parte Oeste e Norte de China).
- **África Subsahariana** debido a secas e inundacións. (Kenia, Uganda, Tanzania, Nixeria, Mozambique, e Sudáfrica).
- **Sur e Sueste de Asia**, como consecuencia do derretemento das capas de xeo do Himalaia, as secas, inundacións e tormentas. (India, Paquistán, Bangladesh, a parte sueste e leste de China, Mianmar, Vietnam, Filipinas e Indonesia).
- **América Latina e partes de Estados Unidos** por escaseza de auga e inundacións.
- **Pequenos estados insulares** ameazados por aumento no nivel do mar e ciclóns. (Illas Comoras, Kiribati, Tuvalu, As Maldivas, e Haití).
- **A rexión do Ártico** debido o derretemento das capas de xeo.